

**Madrygal. Revista de Estudios Gallegos**

ISSN: 1138-9664


 EDICIONES  
COMPLUTENSE

<http://dx.doi.org/10.5209/MADR.57664>

PALACIOS, Manuela (ed.) (2016): *Six Galician Poets* (trad. Keith Payne). Todmorden (Reino Unido): Arc Publications, 189 pp.

A presente antoloxía, *Six Galician Poets*, recolle a voz de seis poetas actuais de Galicia nunha edición bilingüe galego-inglés que pretende achegar estas voces ao público anglófono. O volume pertence á colección *New Voices From Europe and Beyond*, da editora inglesa *Arc*, de recoñecido prestixio na publicación de poesía internacional, que xa conta con volumes adicados –entre outros– á poesía de Cataluña e do País Vasco, así como a diversas nacións de cariz tan diverso como a República Checa ou Xeorxia. *Six Galician Poets* completa esta mostra de poetas de literaturas non dominantes, e nomeadamente no caso que nos ocupa, nunha lingua cooficial mais periférica no seu Estado. A colección, dirixida por A. Büchler, directora de *Literature Across Frontiers*, ten unha vontade transnacional e transcultural, incluíndo novas voces de sistemas literarios non hexemónicos, mesmo pertencentes a países alén das fronteiras europeas. Esta selección representa o décimo terceiro volume nunha serie de antoloxías bilingües desta mesma colección.

Segundo se explica no limiar, o principal obxectivo desta escolma, e por extensión da colección, é a posta en común entre os países anglófonos, tradicionalmente pouco dados á tradución –máis se se trata de linguas non hexemónicas e obras non clásicas–, e Galicia: un sistema literario onde é habitual a tradución (alén de polo seu pequeno tamaño), e onde as estreitas e constantes relacións tanto co sistema literario español como coa lusofonía, en concreto, converten os seus lectores en especialmente proclives á asimilación de literaturas de cariz estranxeiro. A propia literatura galega sostén unha serie de características particulares, que atinxen variábeis históricas, sociais e culturais. Resulta, por tanto, un proxecto ambicioso e a un tempo complexo no que corresponde á selección e contextualización destas

obras e autores, así como o seu propósito de dirixirse a un público de fala inglesa.

A editora, Manuela Palacios, é profesora de Literatura Inglesa na Universidade de Santiago de Compostela e, amais de diversos proxectos relacionados coas literaturas galega e irlandesa, traducións e monográficos, ten editado e coeditado diferentes libros en relación a esta temática. Palacios edita este volume con vontade de solucionar esa eiva relacional entre ambas as tradicións literarias, escollendo así mesmo un tradutor que non ten nada de casual: Keith Payne, poeta irlandés radicado en Vigo e profesor de poesía irlandesa contemporánea en diversas universidades españolas ao longo destes anos. Payne convive con ambas tradicións literarias e ten contacto cos propios poetas, sendo, ao tempo, coñecedor do verso literario en lingua inglesa: todos estes factores son imprescindíbeis para unha tradución propicia.

O volume comeza cunha completa introdución á antoloxía que contempla os antecedentes desta xeración de escritoras e escritores así como a súa evidente heteroxeneidade. Nela, a editora, Manuela Palacios, explora as conexións entre as diferentes xeracións literarias, xurdidas sobre todo a partir da fin da ditadura franquista, achegando unha perspectiva panorámica do amplo e por veces confuso panorama literario galego, así como das súas relacións cos contextos sociais e políticos. Nesta aproximación á poesía galega das últimas décadas tense moi en conta a irrupción de poetas mulleres a partir dos 90 e a particular relevancia deste aspecto en termos de xénero, cuestión presente na escolma cunha representación paritaria na escolta feita pola editora. Así mesmo, o propio funcionamento do sistema literario galego fai que coexistan diferentes xeracións de poetas que, con diferenzas patentes,

se interrelacionan e participan en grande medida de proxectos literarios comúns. A escolla de poetas dentro da selección pretende, tamén, amosar a variabilidade destas xeracións que, no momento actual, continúan en activo no panorama literario galego. A esta introducción séguelle unha nota do tradutor, Keith Payne, que alude á necesidade de facer xustiza poética aos autores a través da tradución, así como o completo labor que acompañou o desenvolvemento do libro, incluíndo audios dos poemas recitados, conversas cos autores e unha busca incansábel dunha voz poética acaída para eles dentro da tradución a lingua inglesa.

A selección obedece a diversos criterios, amais da xa mentada mostra de xeracións diversas. En *Six Galician Poets* conviven dous poetas de renome na literatura galega: Xosé María Álvarez Cáccamo e Chus Pato, xunto con outros catro, máis novos, pero cuxa carreira literaria está ben consolidada (e continúa en ascenso), como son Yolanda Castaño, María do Cebreiro, Estevo Creus e Daniel Salgado. A escolla significa tamén unha aposta ambiciosa polo coñecemento dunha serie de poetas cuxa carreira está aínda en construción, e polo tanto unha representación dunha (nova) tradición poética viva e enérxica. Asemade, escóllense poetas que teñen unha grande influencia de lecturas procedentes doutros sistemas literarios e lingüísticos, explicitando a íntima conexión entre a literatura galega e o resto de literaturas do mundo, e mantendo unha coherencia contextual coa finalidade da propia colección *New Voices From Europe and Beyond*.

Cada unha das seis partes das que consta o libro está adicada a un dos poetas incluídos, que foron os encargados de escoller os poemas que figurarían na antoloxía. Incluindo poemas inéditos xunto con outros xa publicados, *Six Galician Poets* nútrese dun conxunto pleno de obras que reflicten con claridade as trazas particulares de cada un destes cautivadores e diversos autores e autoras, así como a súa evolución, debido a unha recolleita que inclúe poemas máis e menos recentes, e procedentes de diversas obras e mesmo períodos autorais.

As voces dos seis poetas eríxense como auténticas, representativas precisamente de universos literarios particulares, incluíndo as súas obvias diferenzas. Do simbolismo de Xosé María Álvarez Cáccamo á polifonía de Chus Pato, pasando pola identidade en rebelión de Yolanda Castaño, o desacougo existencial de Estevo Creus, a autopsia da corporeidade de María do Cebreiro e a contemporaneidade crúa e consciente de Daniel Salgado. Todo isto vai acompañado dunha coidada tradución que, na páxina dereita de cada obra, traslada estes territorios poéticos á lingua inglesa creando un conxunto distintivo que cumpre coa vontade expresada no limiar e que subxace a toda a antoloxía: a de achegar unha representativa escolma das voces poéticas galegas ao público anglófono.

Arancha RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ  
 Universidade de Santiago de Compostela  
 arancharf@gmail.com